



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito internacional privado

Materia	Dereito internacional privado			
Código	V03G720V01511			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS 9	Sinale OB	Curso 5	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	García Vidal, Javier			
Profesorado	García Vidal, Javier Velázquez Pérez, Rafael Andrés			
Correo-e	jgvidal@icasantiago.org			
Web				
Descripción xeral	O Dereito internacional privado está formado polo Dereito procesual civil internacional e o Dereito aplicable ás relacóns xurídico privadas internacionais			

## Competencias

### Código

A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer e poder aplicar e interpretar as fontes que rixen as relación xurídico-privadas transfronteirizas

A2

A3

A4

A5

## Contidos

### Tema

TEMA 1. Fundamentos.	1. O obxecto, o contido e a estrutura do Dereito internacional privado. 2. As fontes do Dereito internacional privado
PRIMEIRA PARTE: A COMPETENCIA XUDICIAL INTERNACIONAL.	1. Orixes e ámbitos de aplicación. 2. Sistema de normas de competencia xudicial internacional.

Tema 2: A competencia xudicial internacional no

Regulamento Bruxelas I.

Tema 3: A competencia xudicial internacional nos

1. O Regulamento Bruxelas II.  
Regulamentos en materia matrimonial e de responsabilidade parental. 2. Os Regulamentos en materia de réxime económico matrimonial.

Tema 4: A competencia xudicial internacional nos Regulamentos en materia de alimentos e sucesións.	1. O Regulamento Bruxelas III. 2. O Regulamento sobre sucesións.
Tema 5: A competencia xudicial internacional no Regulamento sobre insolvencia. As normas de competencia do réxime interno.	1. O Regulamento sobre insolvencia. 2. O réxime interno de competencia xudicial internacional.
SEGUNDA PARTE: A COOPERACIÓN XURÍDICA INTERNACIONAL EN MATERIA CIVIL.	1. As competencias derivadas. 2. A litispendencia e a conexidade. 3. A notificación internacional.
Tema 6: A conciliabilidade de procesos. A notificación internacional.	
Tema 7: A proba internacional. A información sobre o Dereito estranxeiro.	1. A proba internacional. 2. A información sobre o Dereito estranxeiro.
Tema 8: O réxime xeral de recoñecemento i execución.	1. Aspectos introdutorios. 2. O réxime do Regulamento Bruxelas I. 3. O réxime interno. 4. A execución forzosa internacional.
Tema 9: Os réximes especiais de recoñecemento.	1. En materia matrimonial. 2. En materia de filiación. 3. En materia de alimentos. 4. En materia de sucesións. 5. En materia de insolvencia. 6. Outros réximes especiais.
TERCEIRA PARTE: O DEREITO APLICABLE.	1. Métodos presentes. 2. Cuestións específicas do método conflitual. 3. Alegación e proba do Dereito estranxeiro. 4. Lei aplicable ao proceso civil.
Tema 10: Consideracións xerais sobre lei aplicable.	
Tema 11: Lei aplicable aos contratos.	1. Ámbito de aplicación do Regulamento Roma I. 2. Determinación da lei aplicable ás obrigacións contractuais segundo o Regulamento. 3. Problemas de delimitación do ámbito da lei aplicable segundo o Regulamento.
Tema 12: Lei aplicable á responsabilidade non contractual.	1. Ámbito de aplicación do Regulamento Roma II. 2. Determinación da lei reitora ás obrigacións non contractuais, segundo o Regulamento. 3. Problemas de delimitación do ámbito da lei reitora, segundo o Regulamento. 4. Outras fontes en materia de lei aplicable á responsabilidade non contractual.
Tema 13: Lei aplicable á persoa, aos bens e aos actos xurídicos.	1. Lei aplicable ás persoas físicas. 2. Lei aplicable ás persoas xurídicas. 3. Lei aplicable á representación. 4. Lei aplicable aos dereitos reais. 5. Lei aplicable á forma dos actos xurídicos.
Tema 14: Lei aplicable ao matrimonio e á filiación.	1. Lei aplicable á celebración do matrimonio. 2. Lei aplicable ao réxime económico matrimonial. 3. Lei aplicable á dissolución do matrimonio. 4. Lei aplicable á filiación e á responsabilidade parental.
Tema 15: Lei aplicable aos alimentos, á sucesión por causa de morte e á insolvencia	1. Lei aplicable aos alimentos. 2. Lei aplicable á sucesión por causa de morte. 3. Lei aplicable á insolvencia.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	23.5	23.5	47
Lección maxistral	47.1	47.1	94.2
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	73	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.9	1.9	3.8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante.
-------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Resolución de problemas	O alumno recibe atención personalizada en horario de titorías respecto dos problemas prácticos que presenta a materia
Lección maxistral	O alumno recibe atención personalizada en horario de titorías respecto dos problemas teóricos que presenta a materia

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Valórarse a asistencia e participación nas clases prácticas, segundo descríbese no punto 1 infra. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece, aplica e interpreta as fontes que rexen as relacións xurídico-privadas transfronteirizas.	5	
Lección maxistral	Valórarse a asistencia ás sesións maxistrais, segundo descríbese no punto 1 infra. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece, aplica e interpreta as fontes que rexen as relacións xurídico-privadas transfronteirizas.	5	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exames parciais descritos no punto 3 infra. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece, aplica e interpreta as fontes que rexen as relacións xurídico-privadas transfronteirizas.	60	A2 A3 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condición establecido/as polo profesor. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece, aplica e interpreta as fontes que rexen as relacións xurídico-privadas transfronteirizas.	30	A3 A4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Valórarse a asistencia ás clases, ata un 10% da cualificación final, así como nas distintas actividades que se organicen nas mesmas. A comezo do curso, o profesor indicará as condicións e/ou a forma de valorar a dita asistencia. 2.- Poderanse realizar diversos controis teóricos e prácticos ao longo do curso que, convuntamente, poderán supor ata un 30% da cualificación final. 3.- Haberá como mínimo dous exames parciais que suporán un mínimo do 60% da cualificación total. A data do último parcial poderá facerse coincidir, en principio, coa oficial do exame final. 4.- O alumnado que non desexe, ou non poida seguir o sistema de avaliación continua descrito, poderá presentarse a un exame final único teórico-práctico que suporá o 100% da cualificación (50% parte teórica, 50% parte práctica). Este sistema aplicarase tamén na convocatoria extraordinaria de fin de carreira. 5.- O alumnado poderá conservar a cualificación alcanzada na avaliación continua para o seguinte curso académico.

**DATAS DE EXAMES:** Os exames oficiais realizaranse segundo o calendario aprobado ao efecto pola xunta de centro para o curso 2017-18. Así mesmo, o profesor entregará no Decanato, antes de que comece o cuadrimestre, un cronograma onde se describirá o desenvolvemento semanal da materia. O alumnado que, a xuízo do profesor, non cumpra o compromiso ético esixido pola Universidade de Vigo sobre a realización de probas, quedará excluído automaticamente da avaliación continua, son prexuízo de posteriores accións que poidan derivarse da súa conduta.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Garcimartín Alférez, F.J., **Derecho internacional privado**, última edición, Thomson Aranzadi,

Fernández Rozas, J.C., **Derecho internacional privado**, última edición, Civitas,

Calvo Caravaca, A., **Derecho internacional privado**, última edición, Comares,

vv. aa., **Legislación básica de Derecho internacional privado**, última edición, Civitas / Aranzadi / Comares,

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

Dereito mercantil I/V08G081V01502

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403

## **Plan de Continxencias**

### **Descripción**

#### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS:**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial.

Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

### **ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS**

#### \* Metodoloxías docentes que se manteñen:

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

#### \* Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modificarán as metodoloxías.

#### \* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías):

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (tutorías persoais e en grupo).

#### \* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non se modificarán os contidos.

#### \* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

#### \* Outras modificacións:

Non se realizarán outras modificacións.

### **ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN**

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

#### \* Información adicional:

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móvil.